

1º BOLETÍN INFORMATIVO

7ª Proba Liga Aromon ChemaSport 2019

Domingo, 8 de setembro de 2019

Monte Galiñeiro



Información Xeral

Seguimos coa **VIII Edición da Liga AROMON Chema-Sport**.

A Liga Local AROMON ChemaSport é unha iniciativa do Club AROMON Pontevedra Montañeiros A Roelo que ten como obxectivo iniciar no deporte da orientación a todo aquel que o desexe.

Esta 7ª proba, será o **domingo 8 de setembro, a partir das 10:00horas**.

Agardámoste!!!

Programa

Presentamos o **programa provisional** desta proba:

- **7 LACHS 2019 - GALIÑEIRO**
- **09:30** - Recepción de participantes.
- **09:45** - Comezo das charlas técnicas (faremos varias ao longo da mañá)
- **10:00** - Primeiras saídas (existirá horario de saída).
- **10:30** - Últimas saídas (non se poderá tomar a saída despois desta hora).
- **11:45** - Peche de meta.

Modalidades e Categorías

A **MODALIDADE** desta quinta proba será unha:

- **ORIENTACIÓN A PÉ: Iniciación nenos (individual ou grupo)**. Esta categoría contará con tres percorridos: **Iniciación nenos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo, ideal para nenos), **Iniciación adultos** (nivel de esixencia físico e técnico baixo pero orientado a adultos e nenos con experiencia) e **Avanzado** (nivel de esixencia físico e técnico alto, SÓ para federados en orientación). **O percorrido Avanzado será unha proba lineal. O mapa que levará o participante estará dividido en diferentes pezas de puzzle, podendo estar en cada peza dese puzzle unha ou varias balizas. Ademáis, esas pezas do puzzle poden estar xiradas (non orientadas ao Norte). Trátase dun adestro no que a gran dificultade é o alto nivel de concentración que hai que manter na carreira. ESTÁ PROHIBIDO EMPREGAR COMPÁS NA CATEGORÍA AVANZADO.**

Percorridos:

PERCORRIDO	TEMPO ESTIMADO GANADOR	Nº CONTROIS	DISTANCIA	DESNIVEL
INICIACIÓN NENOS	35'	12	2,2km	125
INICIACIÓN ADULTOS	35'	15	3,2km	150
AVANZADO	30'	19	3,3km	185

MAPA:



Localidade: Galiñeiro

Escala: 1:7500

Equidistancia: 5 m

Descrición do terreo: Bosque con extensa rede de sendas e pistas, con desnivel medio. Amplas zonas abertas, con vexetación rasteira, e abundantes elementos rochosos

Lugar e cómo chegar

Monte do Galiñeiro:

<https://goo.gl/maps/iCyk6vHm6dAyMooVA>

Inscripcións

A inscrición na proba poderá realizarse na seguinte web:

<https://aromon.es/inscripciones/7lachs2019/>

- Se tes algún problema na inscrición, ou consulta, ponte en contacto conosco: lachs@aromon.es
- **Existirá un límite de prazos: 150** (si se cubriran priorizarase por orde de inscrición, e crearíase unha lista de agarda)

i En todos os casos o prazo de inscrición remata o xoves 5 de setembro ás 22:00 horas !

Información básica e de seguridade

1. Debes **presentarte na Secretaría** ao chegar para comprobar os datos de inscrición e recoller a pinza SportIdent.
2. Na saída recorda: **limpar e comprobar** a pinza SportIdent, é a túa responsabilidade.
3. Existirán **horarios de saída establecidos**.
4. É **obligatorio pasar por meta e efectuar a descarga da tarxeta Sportident**, aínda que se produza o abandono, para que este feito conste á organización.
5. Para a realización do percorrido, o competidor pode contar coa axuda dun **compás**, ademais do **mapa aportado pola organización**.
6. Recorda devolver o material prestado.
7. É recomendable levar roupa deportiva cómoda e unha muda de reposto.
8. As competicións de orientación baséanse no **RESPECTO**:
 - a. Á natureza
 - b. Aos cultivos e propiedades privadas
 - c. Aos outros competidores
 - d. Ás indicacións do persoal da organización.

¡DEBERASE OFRECER AXUDA A CALQUERA PARTICIPANTE MANCADO!

Patrocinadores e Colaboradores



Casino Mercantil e Industrial
Pontevedra